



PONTE A ZERO



SEMINARIO RETOS DAS ENTIDADES LOCAIS NA XESTIÓN DE RESIDUOS

Deputación de Pontevedra, 14 de decembro de 2023

Programa de Educación, Formación e Divulgación Ambiental sobre a
redución e xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra

Equipo de Educación Ambiental do CEIDA

CEIDA

Un Centro de Referencia para la
Educación Ambiental en Galicia





Sede do CEIDA
Castelo de Santa Cruz, Oleiros



Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga
Pazo de Lóngora, Oleiros

Os nosos patronos



- Consorcio baseado nun convenio de colaboración entre unha administración local, unha institución científica e o goberno de Galicia





- O CEIDA é o Centro de Referencia para a Educación Ambiental en Galicia

Pero, que é un Centro de Referencia?



O CEIDA é o Centro de Referencia para a Educación Ambiental en Galicia

- Seminario Internacional de Educación Ambiental de Belgrado (1975) propuxo “a creación de centros rexionais ou subrexionais para centralizar a información e estimular o desenvolvemento coordinado da educación ambiental, a través dunha rede de programas e proxectos piloto”
 - Conferencia Intergubernamental de Educación Ambiental (Tbilisi, 1977)
 - Estratexia Mundial para a Conservación de la Naturaleza (UICN/PNUMA/WWF, 1992)

ÁREAS DE TRABAJO

Formación

Educación
Ambiental

Documentación

Cooperación

Investigación

Ponto de encontro
e apoio as
organizacións das
sociedade civil

TIPOLOXIA DE ATIVIDADES

- Reunións Internacionais
- Cursos e Seminarios
- Xornadas
- Obradoiros
- Foros de debate e intercambio
- Programas de Educación Ambiental
- Exposicións
- Publicacións
- Cooperación

GRUPOS DESTINATÁRIOS

- Sector Académico e Investigador
- Administracións Públicas
- Xestores Áreas Protegidas
- Sectores Produtivos
- Comunidade educativa
- Educadores/as Ambientais
- ONGs ambientalistas
- Médios de comunicación
- Público xeral

O CEIDA COMO CENTRO DE REFERENCIA

O CEIDA EN CIFRAS

Como resultado final desta presentación do CEIDA como entidade idónea para levar a cabo este Programa, cabe destacar que nos derradeiros anos o CEIDA chegou, a través das nosas actividades, a máis de 40.000 persoas por ano.


	ACTIVIDADES	PARTICIPANTES
ANO 2020	691	33.224
ANO 2021	1.278	35.224
ANO 2022	1.293	40.203



PONTE A ZERO



Deputación
Pontevedra



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

PREÁMBULO

A xestión dos residuos é un dos principais problemas ambientais aos que diariamente se teñen que enfrontar os concellos. A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cos concellos en materia de xestión de residuos e de cara a cumprir a normativa vixente.

É preciso que a poboación local entenda a necesidade de separar correctamente o lixo para reducir os elevados custes de recollida e tratamento.

Neste ano 2024, os destinatarios principais serán os nenos e nenas de infantil, primaria e secundaria da provincia, os profesores destes centros e a comunidade educativa en xeral.



PREÁMBULO

A colaboración do CEIDA e da Deputación de Pontevedra, iniciouse no ano 2016, pero ao longo destes anos ten evolucionado:


- por unha banda **ampliando a oferta educativa** intentando sempre innovar nas actividades propostas e adaptándose aos tempos que nos tocou vivir a causa da pandemia.
- por outra banda, houbo un cambio no **público obxectivo** do primeiro programa que eran principalmente alumnos/as a partir de 6º de primaria e secundaria pois detectamos unha gran demanda non só no público infantil se non tamén nos centros de formación profesional. Incluso e debido á pandemia que limitou as actividades nos colexios, aproveitamos para axudar ás familias na conciliación familiar, atendendo aos campamentos de verán e ás asociacións da veciñanza, sobre todo en tempos de post-pandemia.
- O ámbito xeográfico foi cambiando pois conseguimos chegar a **concellos e centros educativos novos cada ano**.
- Queremos tamén destacar que grazas ao programa están traballando **6 pequenas empresas e cooperativas de educación ambiental** da provincia de Pontevedra.



PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN CIFRAS

Unha pequena avaliación histórica do Programa Educativo :

Ano	Nº Actividades	Nº Participantes
2017	205	3590
2018	615	14013
2019	554	13261
2020	390	7922
2021	534	9135
2022	754	14821
Total	3052	62742



PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN CIFRAS

Datos das actividades nos Centros de Ensino no ano 2023 (de xaneiro a xuño):

- o N° de xornadas lectivas: 427
- o N° de actividades: 508
- o N° de participantes: 9.756
- o N° de centros de ensino: 71
- o N° de Concellos: 29

Por tipoloxía de centros, os datos son:

- Centros de Educación Especial: 2
- Centros de Ensino Primario (CEIP + CEP + CPI): 42
- Escolas de Educación Infantil: 9
- Centros Rurais Agrupados: 2
- Centros Privados: 6
- Institutos de Ensino Secundario: 10



INDICE DO PROGRAMA

- ◆ Presentación do Programa
- ◆ Obxectivos
- ◆ Actividades

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA

- A xestión dos residuos é un dos principais problemas ambientais que teñen que enfrentar os concellos e é de difícil solución

- A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cos concellos para afrontar os retos da normativa vixente.

- É preciso que a poboación local entenda a necesidade de separar correctamente o lixo para reducir os elevados custes de recollida e tratamento.

Destinatarios principais do Programa:

- Comunidade educativa no seu conxunto:
 - Infantil
 - Primaria e secundaria
 - Profesorado
- Poboación en xeral

OBXECTIVOS

- Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.
- Achegar coñecementos sobre os residuos urbanos.
- Capacitar para a acción na **minimización** e correcta separación e xestión dos residuos domésticos.

- Fomentar actitudes cívicas e de corresponsabilidade co medio social e natural.
- Complementar e reforzar a educación ambiental realizada polos propios centros, adecuando dentro do posible o Programa ás demandas e necesidades de cada centro.

ACTIVIDADES DO PROGRAMA

- **Coordinación e seguimento individualizado do programa educativo**
- **Plan de comunicación**
- **Formación do profesorado**
- **Programa de divulgación: Exposición itinerante e obradoiros asociados. NOVA EXPOSICIÓN**
- **Actividades Educativas para ensino infantil**
- **Realización de actividades educativas sobre residuos para centros educativos de primaria e secundaria**



Coordinación e seguimento

O equipo de educadores/as ambientais do CEIDA contactará cos centros educativos da provincia de Pontevedra, tanto por email como telefónicamente para ofertarlles todas as opcións do Programa Educativo, asesorándolos á hora de eleixir as actividades, en función das idades e as características de cada centro.

Manterase un contacto directo e continuo cos centros educativos participantes co obxectivo de facer o seguimento dos proxectos e de apoialos no seu desenvolvemento.

Ademais do asesoramento telefónico e por correo electrónico, concertaranse reunións de seguimento nos centros para facilitar a resolución de dúbidas sobre a orientación e desenvolvemento dos proxectos en cada centro.



Plan de comunicación


Todas as accións incluídas no Programa terán unha ampla difusión en redes sociais a través de unha importante estratexia de divulgación que permita dar maior visibilidade ás actividades nestes medios.

Así, farase uso das diferentes canles de difusión que o propio CEIDA posúe (Facebook, Twitter, Youtube...), co obxectivo de facer chegar diferentes formatos e contidos (imaxes, vídeos, artigos, etc.) ao maior número de destinatarios posibles, e compartindo toda a información con outras institucións relacionadas co ámbito de actuación do CEIDA ou entes colaboradores.

www.ceida.org



<https://www.facebook.com/ceidagalicia>



<https://www.instagram.com/ceidagalicia/>



<https://twitter.com/ceidagalicia>

<https://www.youtube.com/c/ceidagalicia/videos>

Formación do Profesorado

Charla de formación e achegamento á xestión dos residuos e ao aproveitamento didáctico dos mesmos.

- Os destinatarios/as desta actividade son o Profesorado e ANPAs de todos os niveis educativos
- Non haberá límite de participantes nesta actividade, salvo a capacidade do lugar de celebración no centro educativo
- Poderá realizarse de forma presencial ou online, segundo a preferencia do centro.



Formación do Profesorado

Asesoramento e documentación



Tipo documento	Nº exemplares
Libros	8.864
Revistas	140
Artigos baleirados	15.328
Audiovisuais	798
Literatura gris	918
Cartografía	265
Folletos	3.549
Recursos electrónicos	241
TOTAL	30.103


Formación do Profesorado

Guía de recursos bibliográficos

O Centro de Documentación Domingo Quiroga preparou unha Guía de Recursos Documentais para Centros Educativos: Materiais técnicos para o profesor: Recursos técnicos de referencia dirixidos ao persoal docente sobre os residuos urbanos.

Dende os centros educativos nos trasladaron a necesidade de renovar e actualizar esta Guía de Recursos pois continuamente vanse xerando recursos documentais novos queo Centro de Documentación vai buscando e catalogando para poder ofrecer un novo produto.

Así en 2023 preparouse unha edición actualizada da Guía de Recursos dispoñible para toda a comunidade educativa da provincia de Pontevedra



Formación do Profesorado

Maletas Viaxeiras

O CEIDA, a través do seu Centro de Documentación Ambiental, porá a disposición de todos os centros educativos varias coleccións de libros e recursos bibliográficos sobre a xestión de residuos.

Con elas pretende dar a coñecer esta problemática á comunidade educativa a través dunha selección de libros, especialmente seleccionados polo CEIDA para adaptarse aos distintos niveis educativos e que os profesores poidan utilizar este recurso para facer actividades na aula.



Exposición itinerante - Nova Exposición

- Exposición didáctica en formato itinerante composta por 10 paneis sobre os residuos e a súa xestión.
- Contidos dos paneis:
 - Portada
 - O lixo, grave problema. Composición do lixo urbano
 - Os tres R's
 - A compostaxe, dálle unha nova vida aos biorresiduos
 - O papel
 - O vidro
 - Plástico e metais
 - Residuos especiais: RAEE, pilas, aceites...
 - Os puntos limpos
 - Que podes facer ti?



Exposición itinerante - Nova Exposición

- Destinatarios/as: Todos os centros de ensino da Provincia de Pontevedra
- Duración: O período de préstamo inicial será dunha semana, podendo ampliarse no caso de estar dispoñible.
- O centro deberá contar cun espazo libre para a instalación, con capacidade para os 10 paneis de 1 m de ancho e espazo para a visita do alumnado.
- A cesión será gratuíta, e será instalada polo equipo educativo quen tamén ofertará obradoiros asociados á mesma.



Actividades para ensino infantil

O Pekerecicla – Enredando cos residuos

Proposta para educar na reciclaxe e ensinar aos/ás participantes a coidar todos os días do noso planeta.

Xogo educativo con diferentes actividades para ir completando as diferentes etapas da vida e transformación dos residuos domésticos, orgánicos e escolares na súa correcta reciclaxe e utilizando os tres R: reduce, reutiliza e recicla.

- Reciclaxogo. Separa e dálle vida.
- Actividade sensorial con diferentes residuos.
- Parellas de residuos. Xogo de imitación e psicomotricidade.
- Detectives do lixo. Que eran e que son?.
- Drap Art. Reciclamos e reutilizamos con arte.
- Exploradores/as do orgánico. Compostando!.
- O crebacabezas dos tres R.
- A Reciclateca. Taller de experimentación



Actividades para primaria e secundaria

Charla – coloquio: Que facemos cos residuos?

Achegamento ao lixo urbano (tipoloxía, volume, precaucións), a súa minimización e tratamento, así como pautas para unha correcta colaboración.

Apoiada por material audiovisual e complementario.

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato



Actividades para primaria e secundaria

Xogo da miñoca

Actividade deseñada para abordar, de xeito lúdico e ameno e mediante un xogo nun taboleiro xigante, os conceptos básicos da xestión dos residuos, incluíndo aspectos como a recollida selectiva, fraccións dos residuos, etc).

Por medio de diferentes probas e preguntas as/os participantes deberán ir superando etapas para chegar a un “mundo sostible”.

Destinatarios/as: 1º ciclo de ensino primario



Actividades para primaria e secundaria

Introdución á horta escolar

Actividade teórico/práctica para impulsar a creación dunha horta escolar. Coñeceremos o tamaño da horta, aberta ou en bancais, e a súa orientación. Saberemos cales son os recursos básicos (sementes, plantas, auga, fertilizantes e ferramentas), e os cultivos as características do terreo. Calendario de plantación de cultivos, as súas asociacións e os fertilizantes a utilizar para enriquecermos o solo.

É unha explicación na aula, podendo ir seguida de pequenas demostracións ou actividades prácticas.

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato



Actividades para primaria e secundaria

Quen vive aí?

Coa axuda de material de aumento e ferramentas sinxelas realizarase a identificación de invertebrados presentes no composteiro, sinalando a súa función no proceso da compostaxe, así como daqueles potenciais materiais impropios (plásticos, envases...).

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato



Actividades para primaria e secundaria

Residuos Con-Ciencia

Serie de experimentos que permiten visualizar e entender conceptos e procesos, tanto físico-químicos como biológicos, relacionados cos residuos urbanos.

Destinatarios/as: 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato




Actividades para primaria e secundaria

Charla-coloquio: Evitando o estrago alimentario

Achegamento a este grave problema, as súas causas, e implicacións ecolóxicas, sociais e económicas.

Pautas de acción no ámbito persoal e colectivo.

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.



Actividades para primaria e secundaria

Dando nova vida aos residuos

Logo dunha breve introdución sobre os tres R's e a súa implicación na correcta xestión do lixo, realizarase un obradoiro de reciclaxe de residuos domésticos, confeccionando materiais funcionais, decorativos ou mesmo complementos persoais, segundo o nivel.

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de Ensino Primario.



Actividades para primaria e secundaria

Ecoauditoría do centro de ensino

Coa axuda do alumnado e profesorado procederase á revisión e avaliación dos sistemas de recollida e xestión de residuos no centro: recollida selectiva, papeleiras e colectores, composteiro...

De modo complementario, chegaranse propostas de mellora noutros aspectos con incidencia ambiental: auga, enerxía, ruído, espazos verdes e paisaxismo, presenza de biotopos, redución de impactos das aves... Achegando suxestións de solución asumibles en tempo e custe.

Destinatarios/as: 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato.



Actividades para primaria e secundaria

Os Microplásticos

Charla inicial sobre a problemática xeral dos microplásticos, tanto fibras e esferas coma procedentes da fragmentación de plásticos convencionais, e a súa penetración nos ecosistemas e cadea alimentaria.

A parte práctica consiste na análise visual, coa axuda de lupas de man e lupas binoculares, dunha mostra de terra ou area do propio xardín ou patio do centro escolar, avaliando a posible presenza de microplásticos, a súa orixe e tipoloxía.

Destinatarios/as: 2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato





Moitas grazas

ponteazero@gmail.com